



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1. E-mail: mercedes.cochon.lopez@concellopoio.com
36995. Poio (Pontevedra).
Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS SESENTA E SETE REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e sete de decembro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. María Alicia Martínez González, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Juan José Rodríguez Grandal, ED. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia á sesión plenaria a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e como secretaria xeral D^a. Paula Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3616.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE NOVEMBRO DE 2011 NÚMERO 466.- De conformidade co establecido no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta realizada en sesión ordinaria ordinaria o día 29 de novembro de 2011 número 466 e non formulándose ningunha observación á acta de referencia esta queda aprobada por unanimidade de asistentes.

Neste momento entran no salón de sesión os concelleiros Xulio Barreiro Lubián, Angel Moldes Martínez e Alberto Villaverde Méndez e a concelleira Maria Mar Villaverde Rosales.

3617- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta aos presentes do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3601.- PROPOSTA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia; 3602.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA-DELEGADA DE DEPORTES E FESTEXOS DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3603.- SOLICITUDE DA EMPRESA CESPA, S.A., CONCESIONARIA DO SERVIZO, DE REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO R.S.U. EXERCICIO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á empresa concesionaria do servizo CESPA; 3604.- PROPOSTA CAMBIO DE FINALIDADE REMANENTES DE CRÉDITO PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3605.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIONS, INSTALACIONES E OBRAS PRESENTADA POR RAMÓN QUIÑONES

QUIÑONES, EXPTE. 345/11.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e Urbanismo e notificouse ao interesado; 3606.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE POIO SOBRE A NECESIDADE DE COORDINACIÓN ENTRE AS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN EN MATERIA SOCIAL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3607.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE POIO SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Xunta de Galicia e á Consellería de Traballo e Benestar, 3608.- MODIFICACIÓN ESTATUTOS E DENOMINACIÓN DA MANCOMUNIDADE TERRAS DE PONTEVEDRA PARA A DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, MARÍN, POIO, PONTEVEDRA, PONTE CALDELAS, VILABOIA, COTOBADE, BARRO E CAMPO LAMEIRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Mancomunidade Terras de Pontevedra; 3609.- DESLINDE DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE, DE TODO O TERMO MUNICIPAL DE POIO-PONTEVEDRA, APROBADO POR ORDE DE 20 DE XUÑO DE 2011, DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, RURAL E MARINO, EXP. NUM. DL-157 PONTEVEDRA (DS01/98/36/0003).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PERANTE A AUDIENCIA NACIONAL, CONTRA A ORDE DE APROBACIÓN DO DESLINDE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de urbanismo e remitiuse ao Ministerio de Medio Ambiente; 3610.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE POIO PARA O COMPARTIMENTO DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN DO SIGAD.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Traballo e Benestar; 3611.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR E GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN RELACIÓN CO DIA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Ministerio de Igualdade e Benestar e á Xunta de Galicia; 3612.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL NA RÚA DA IGREXA (RAXÓ).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3613.- URBANISMO, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL ORDENANZAS 1,2,3,4,5 E 6. DOCUMENTO DE INICIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3614.- MOCIÓNS DO BNG E DO PSOE, EN RELACIÓN Á ANULACIÓN DA TARXETA SANITARIA ÁS PERSOAS DESEMPREGADAS E PERSOAS SEN RECURSOS ECONÓMICOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Consellería de Sanidade; 3615.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO E DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN RELACIÓN A INVESTIMENTOS URXENTES E NECESARIOS PARA O CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e Consellería de Facenda, ”

A Corporación dáse por enterada.

3618.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último Pleno Ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos da orde do día; a Corporación dáse por enterada.

3619.- RATIFICACIÓN ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE DECEMBRO DE 2011, NÚMERO 9867, ACORDO MARCO DA COMISIÓN BILATERAL DO 18 DE NOVEMBRO DE 2011 ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A XUNTA DE GALICIA RELATIVO

ÁS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2005-2008 E REHABILITACIÓN 2009-2012.- De conformidade co establecido no artigo 82.3º Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha esta queda aprobada por 17 votos a favor sendo este o número legal de membros, esta quedou aprobada.

Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do acordo 9867 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o 19 de decembro de 2011 e que di textualmente: “9867.- RATIFICACIÓN DO ACORDO MARCO DA COMISIÓN BILATERAL DO 18 DE NOVEMBRO DE 2011 ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E A XUNTA DE GALICIA RELATIVO ÁS ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAIS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2005-2008 E REHABILITACIÓN 2009-2012.- Previa declaración de urxencia polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número legal de membros, ao abeiro do establecido no artigo 83 do real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta do expediente tramitado mediante escrito remitido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data de entrada no Rexistro Xeral o 16 de decembro de 2011 número 6787 no que se solicita a remisión antes do 31 de decembro de 2011, acordo de ratificación do acordo da Comisión Bilateral de Vivenda relativa o ás Áreas de Rehabilitación Integrais na Comunidade Autónoma de Galicia. Plans 2005-2008 e 2009-2012.

Consta no expediente proposta da alcaldía e informe emitido pola Intervención Municipal de data 19 de decembro de 2011.

A Xunta de Goberno Local polo voto favorable dos seis membros presentes sendo este o seu número legal de membros, en exercicio das atribucións delegadas pola alcaldía por Decreto de 30 de xuño de 2011, de conformidade co disposto no art. 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, (modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro) e co artigo 89.5 da Lei 30/92 de 26 de novembro de RJAPPAC acordou:

Primeiro.- Ratificar o Acordo marco da Comisión Bilateral celebrada o 18 de novembro de 2011 entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia que actúa a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, tanto na parte dispositiva xeral do mesmo como na concreción do punto segundo no que respecta a acordos previos deste Concello.

Segundo.- Remitir o presente acordo ao Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Terceiro.- Dar Conta do presente acordo ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.”.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e explica que do que se trata é de aprobar e ratificar o Acordo Marco da Comisión Bilateral, xa que cambiou o modo de financiamento da anualidade 2011 e 2012, xa que este ano soamente pagaría 8318,63 € e deixando pendente para o ano 2012 o importe de 120.131,37 €, aínda que o concello xa pagou o que lle corresponde.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros acordou:

Primeiro: Ratificar o acordo número 9867 adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2011 polo que se ratifica o Acordo marco da Comisión Bilateral celebrada o 18 de novembro de 2011 entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia que actúa a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, tanto na parte dispositiva xeral do mesmo como na concreción do punto segundo no que respecta a acordos previos deste Concello.

Segundo: Que se remita o presente acordo á Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

3620.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE POIO.- O Sr. Alcalde dálle a palabra á Concelleira Delegada de Deportes D^a. Margarita Caldas Moreira que explica que o expediente previo ao sometemento da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas foi informado pola Secretaria Xeral, Intervención Municipal e ditame do Consello Municipal de Deportes na sesión realizada o 13 de decembro de 2011, no que se poñen de manifesto unha serie de deficiencias que se van a emendar no texto definitivo que se someterá ao vindeiro Pleno Ordinario do mes de xaneiro, previos informes dos/as técnicos/as municipais, polo que de conformidade co establecido no artigo 92.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e á solicitude da Concelleira Delegada de Deportes, polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes, retírase o expediente da orde do día coa finalidade de incorporación de novos informes aos expediente previo á súa deliberación e adopción de acordos.

3621.- INFORME TRIMESTRAL CONXUNTO DE INTERVENCIÓN E TESOURERÍA, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE.- Dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 19 de decembro de 2011 e que di textualmente: “Dáse conta do informe de Tesourería e Intervención de data 14 de decembro de 2011 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

A interventora municipal procede a explicar o contido do expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010.

Explica o contido do seu informe manifestando que o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable sin que se procedese ao recoñecemento das obrigas e o segundo do informe trata sobre o cumprimento dos prazos de pago previstos na Lei.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes dáse por enterada do contido do informe conxunto emitido polo Tesoureiro Municipal e Interventora con data 14 de decembro de 2011 e acorda que se remita o devandito informe aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3622.-ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCIAL TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO NA REIBOA.- De conformidade co establecido no artigo 82.3º Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a inclusión deste asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha esta queda aprobada por 17 votos a favor sendo este o número legal de membros, esta quedou aprobada.

Dáse conta á Corporación do expediente tramitado e do fax recibido con data 20 de decembro de 2011 do Servizo de Costas da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, Secretaría Xeral do Ministerio de

Medio Ambiente e Medio Rural e Marino polo que en relación á petición formulada polo Concello para a desafectación de terreos na Reiboia solicitan a presentación por parte do Concello de documentación para a continuación da tramitación do devandito expediente.

Constan no expediente informes emitidos pola Arquitecta Municipal de data 22 de decembro de 2011 e pola Secretaria Xeral de data 27 de decembro de 2011.

Antes de proceder a súa votación toma a palabra a Concelleira Delegada de Obras D^a. Consuelo Besada Lores e explica que o Ministerio de Costas require certificación plenaria na que se poña de manifesto que o uso actual dos terreos así como a gratuidade dos mesmos.

O Sr. Domínguez Lino pregunta referente á gratuidade dos terreos xa que dependendo dos casos os servizos non son de balde e tamén pola urxencia da súa remisión.

O Sr. Agís Gómez explica que a gratuidade á que se refire a comunicación do Ministerio ten por obxecto garantir que o Concello non disporá deles posteriormente para fins distintos dos previstos normativamente e a tramitación urxente é a petición da propio Servizo de Costas, porque o asunto aínda ten que ser tratado polo Ministerio de Economía, con esta certificación estaría un 50% do expediente tramitado.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes e en atribución do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei da administración local de Galicia acordou:

Primeiro: Comunicar ao Servizo de Costas de Pontevedra que os terreos obxecto de desafectación son de uso e servizo público e gratuito.

Segundo: Asumir o compromiso de manter dito uso e servizo público e gratuito se se produce a desafectación e posterior cesión gratuítas dos terreos a este Concello.

3623- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 2012, ANO 40 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DE COMBARRO COMO "CONXUNTO HISTÓRICO Y PINTORESCO".- Toma a palabra a Concelleira Delegada de Cultura e explica que o asunto tratouse na Comisión Informativa de Cultura do día 14 de decembro de 2011, na que se acordou facer un texto consensuado polos tres grupos políticos e sería o que traen para a súa aprobación e procede a súa lectura: "DECLARACIÓN INSTITUCIONAL: 2012, ANO DO 40 ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DE COMBARRO COMO "CONJUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO Y PINTORESCO" .- O Decreto de 3394/1972, de 30 de novembro de 1972 declaraba a localidade de Combarro (Concello de Poio, Pontevedra) como "conjunto artístico y pintoresco de carácter nacional" (BOE, 299, 14-12-1972, pp. 22306-22307). Culminaba así un proceso iniciado en 1948 pola Comisión Central de Monumentos coa solicitude de declarar Combarro conxunto de interese pintoresco, e que se continuou cun oficio de 16 de xuño de 1951, dirixido desde o Concello de Poio ao "Director General de Bellas Artes", segundo consta na documentación existente no Ministerio de Cultura.

A declaración en 1972 de Combarro como "conjunto histórico y pintoresco" (hoxe Conxunto Histórico) constitúe un fito na historia de Poio, no que se concreta a preocupación por conservar a singular arquitectura e o urbanismo de Combarro, modelo de síntese entre a cultura agraria e marítima de Galiza. A declaración permitiu articular unha serie de medidas e actuacións encamiñadas a ese fin, entre as que se inclúen o particular ordenamento urbanístico municipal, aprobado nos últimos anos con ese obxectivo.

Grazas á declaración de 1972 e ás medidas tomadas dende entón, Combarro conservouse nas últimas décadas como un espazo de referencia e interese cultural dentro e fóra das nosas fronteiras. Este feito constitúe motivo de orgullo para os e as poienses, ademais de supoñer, como é sabido, un importante activo

patrimonial do Concello de Poio e da ría e a provincia de Pontevedra, un salientable factor de atracción cultural e turístico e, polo tanto, dinamizador económico de todo o municipio.

Por todas estas razóns, o Pleno da Corporación Municipal entende que a celebración en 2012 do 40 aniversario da declaración de Combarro como "conxunto artístico e pintoresco" debería ser motivo de conmemoración especial.

ACORDOS: 1.- Conmemorar en 2012 o 40 aniversario da declaración de Combarro como conxunto histórico, baixo a denominación: ***Combarro Conxunto Histórico, 1972-2012***; 2.- Celebrar ao longo do ano actos e eventos que permitan dar a coñecer e revalorizar o conxunto histórico de Combarro, a través do seu pasado, o seu presente e as perspectivas de futuro, solicitando, tanto para a conmemoración como para estas actividades, a participación e colaboración doutras administracións públicas galegas e estatais."

O Sr. Domínguez Lino manifesta que o seu Grupo está a favor da aprobación da proposta, xa que se trata dun texto consensuado e solicita que de todos os actos e eventos que se vaian a realizar se de conta á oportuna Comisión Informativa para ter un seguimento máis concreto e pide que se ibtente buscar financiamento das administracións públicas así como no eido privado.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes e en atribución do disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e concordantes da Lei da administración local de Galicia acordou:

Primeiro.- Aprobar a conmemoración en 2012 do 40 aniversario da declaración de Combarro como conxunto histórico, baixo a denominación: ***Combarro Conxunto Histórico, 1972-2012***; 2.

Segundo.- Aprobar a celebración ao longo do ano dos actos e eventos que permitan dar a coñecer e revalorizar o conxunto histórico de Combarro, a través do seu pasado, o seu presente e as perspectivas de futuro, solicitando, tanto para a conmemoración como para estas actividades, a participación e colaboración doutras administracións públicas galegas e estatais

MOCIÓN URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN. - Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar non presentándose rogo nin pregunta ningunha, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, Secretaria Xeral, dou fe.